

## **BASES DO CONCURSO DE NOVAS IDEAS EMPRESARIAIS “COMPOSTELA ACTIVA 2007”**

### **1º Obxecto**

Co fin de estimular e apoiar a persoas que teñen unha idea de negocio, facilitando a posta en marcha do proxecto empresarial, procédese á convocatoria de nove premios ás novas ideas empresariais dentro do programa “Compostela Activa 2007” e a aprobación das súas bases de concesión. Os devanditos premios serán concedidos en tres modalidades diferenciadas, tres premios para novas ideas empresariais edición xeral, tres premios para novas ideas empresariais promovidas por mulleres e tres premios para as promovidas por titulados en formación profesional.

### **2º Dotación**

1. \*Modalidade “Novas Ideas empresariais edición xeral”.

- Un primeiro premio de 5.000 euros.
- Un segundo premio de 4.000 euros.
- Un terceiro premio de 3.000 euros.

\*Modalidade “Novas Ideas Empresariais promovidas por mulleres”.

- Un primeiro premio de 5.000 euros.
- Un segundo premio de 4.000 euros.
- Un terceiro premio de 3.000 euros.

\*Modalidade “Novas Ideas Empresariais promovidas por titulados en formación profesional”.

- Un primeiro premio de 5.000 euros.
- Un segundo premio de 4.000 euros.
- Un terceiro premio de 3.000 euros.

Aos efectos deste programa enténdese que unha idea é promovida por mulleres, cando a maioría do capital social sexa aportado por mulleres ou, no caso de empresas de economía social, o número de socios sexa maioritariamente mulleres.

Aos efectos deste programa enténdese que unha idea é promovida por titulados en formación profesional cando a maioría do capital social sexa aportado por titulados en formación profesional ou, no caso de empresas de economía social, o número de socios sexa maioritariamente titulados en formación profesional. Enténdense comprendidos

---

### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

nesta convocatoria todos aqueles titulados en formación profesional de grao medio ou superior que tivesen obtido esta titulación a partir do 1 de xaneiro de 2006.

2. A Oficina de Promoción Económica, dependente da Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados do Concello de Santiago de Compostela, farase cargo da achega económica precisa para as devanditas dotacións con cargo á partida orzamentaria Promoción Económica Actividades Funcional 72100. Económica 22604.

### **3º Participantes e proxectos: requisitos**

1. Poderán tomar parte no concurso de novas ideas as persoas físicas ou xurídicas que teñan un proxecto empresarial e que no momento de presentar a solicitude non houberen iniciado a actividade.

2. A presentación do/a candidato/a determina a aceptación íntegra das presentes bases.

### **4º Solicitudes e documentación**

Os interesados inscribíranse no Concurso mediante instancia dirixida á Oficina de Promoción Económica que presentarán no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Deberán presentar unha instancia por cada unha das modalidades do concurso as que se presenten, tendo en conta que as mulleres e titulados en formación profesional poderán acceder tanto á edición xeral como ás súas específicas. Non obstante bastará con que a documentación a achegar coa solicitude sexa única e figure anexa a unha soa das instancias.

A documentación a presentar, por duplicado, sendo unha delas orixinal ou fotocopia compulsada é a seguinte:

- Un plano de empresa asinado por técnico competente no que se explique a viabilidade do novo proxecto, detallando os aspectos técnicos de produción e comercialización, investimentos e financiamento, conta de resultados, etc...
- Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social e Concello de Santiago.
- Declaración xurada do solicitante de non ter iniciada a actividade empresarial.
- Declaración de tódalas axudas e subvencións solicitadas ou obtidas por calquera outra administración pública ou ente público ou privado, nacional ou

---

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

internacional, así como concursos presentados ou que teña pensado presentarse, premios obtidos, etc...

- No caso de ter iniciado o proceso de constitución, copia da escritura de constitución. De non ser así, compromiso mediante declaración xurada de constituir a empresa conforme o disposto na base 8º das presentes bases.
- No caso de concorrer á convocatoria para titulados en formación profesional de grao medio ou superior, copia compulsada do título correspondente.
- Calquera outro dato que se considere de interese de cara a avaliar o proxecto empresarial.

### **5º Prazo de inscrición**

Sínálase como data límite para a inscrición no concurso o día 14 de xullo do 2007.

### **6º Avaliación dos proxectos empresariais presentados**

1. A valoración será realizada por unha comisión de expertos, nomeados ao efecto, que axustará a súa actuación ao disposto nos artigos 22 e seguintes da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2. Os criterios de valoración a ter en conta pola comisión serán os seguintes:

- Que a persoa física ou membros da sociedade proveñan dunha situación de desemprego.
- Que estea/n censados no Concello de Santiago.
- Que a actividade empresarial a desenvolver polos beneficiarios sexa incardinable nalgúns dos seguintes sectores:
  - Novas tecnoloxías da información e a comunicación.
  - Servizos medioambientais.
  - Servizos culturais e de lecer (turismo, patrimonio, cultural, cultural local, sector audiovisual,...).
  - Servizos á comunidade.
  - En xeral, calquera actividade, con independencia do sector, sempre que propoña innovacións, sexa un sector emerxente ou abra un novo filón de emprego.
- Utilización de recursos da zona.
- Emprego xerado.
- Porcentaxe de mulleres no emprego xerado.
- Contribución á integración de colectivos en situación desfavorable para a integración sociolaboral.
- Contribución á integración de colectivos en situación ou risco de exclusión social.

Ditos criterios valoraranse en conxunto, de xeito global e sen facer especial fincapé en ningún deles.

---

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multirosos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

3. Os premios poderán ser declarados desertos ou determinarse a súa compartición dentro de cada unha das categorías das distintas modalidades.

3. Da actuación da comisión redactarase acta que asinada por tódolos seus membros, pasará a coñecemento da Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, xunto coa proposta de concesión.

### **7º Resolución**

Por proposta da comisión de avaliación, a Xunta de Goberno Local procederá á resolución inicial desta convocatoria. A resolución inicial do concurso publicaráse no taboleiro de anuncios do Concello a partir do día 1 de setembro de 2007 e máis na páxina web da Oficina de Promoción Económica "maiscompostela.org". A súa vez notificárase individualmente aos participantes dos proxectos que resulten gañadores.

### **8º Xustificación e pago**

O pago terá lugar unha vez acreditada polos promotores a posta en marcha do proxecto empresarial gañador.

No prazo de dous meses a contar desde a notificación individual da resolución do concurso, os gañadores deberán achegar, polos mesmos medios descritos para a solicitude, a seguinte documentación, por duplicado, sendo unha delas orixinal ou fotocopia compulsada.

- Alta no réxime de autónomos do promotor ou dalgún dos promotores do proxecto empresarial gañador.
- Alta no IAE ou no seu caso no censo de obrigados tributarios do autónomo promotor/sociedade (modelo 036).
- Escritura de constitución da sociedade no seu caso.
- Poderá requirirse a emisión de novos certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias ou coa Seguridade Social se os aportados coa solicitude inicial estiveran caducados.

O incumprimento da obriga de iniciar a actividade no prazo indicado dará lugar á revogación da concesión inicial do premio, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, previo informe da Oficina de Promoción Económica.

### **9º Cualificación do proxecto empresarial como iniciativa de emprego**

O Concello emitirá, previa solicitude expresa do promotor, certificación do apoio prestado polo Concello de cara á posible cualificación do proxecto empresarial como iniciativa de emprego.

---

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multirosos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

## **10º Recursos**

A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa, e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## **11º Obrigas dos beneficiarios**

- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos premios.
- Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa administración local, con anterioridade á ditarse a proposta de resolución.

## **12º Reintegro**

Procederá o reintegro total ou parcial do premio percibido no suposto do incumprimento de calquera das condicións establecidas para a súa concesión, especialmente no referido a obriga de constitución da empresa e inicio de actividade no prazo de dous meses a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.

## **13º Modificación da resolución de concesión**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios e, en todo caso, a obtención concorrente doutros premios outorgados por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderían dar lugar a modificacións da resolución de concesións.

## **14º Entrada en vigor**

As presentes bases entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

---

### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

En Santiago de Compostela a 6 de febreiro de 2007

Xosé Manuel Iglesias Iglesias  
Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados do  
Concello de Santiago de Compostela